
O CURIOSO MUNDO DE CALPURNIA TATE

Texto de JACQUELINE KELLY

Tradución de CARLOS ACEVEDO

Ilustración e portada de APRIL WARD

Encadernación rústica. 13 x 20 cm. 352 páx. 18 €.

ISBN 978-84-16721-17-7. Faktoría K. Narrativa.

O único descanso que tiña era cando me dedicaba aos estudos da natureza co meu avó, o capitán Walter Tate, a quen moitos veciños da aldea de Fentress tiñan equivocadamente por un vello tolo, rabudo e insociable. O avó fixera os cartos co algodón e o gando, e loitara no bando dos confederados na guerra civil, ata que decidiu dedicar a última parte da vida a estudar as ciencias naturais. Eu, a súa compañeira en tales traballos, vivía soamente para as escasas e preciosas horas de que dispuña para ir detrás del co cazaboloretas, a carteira de coiro, o meu caderno científico e un lapis ben afiado á man para anotar as nosas observacións...

Corre o ano 1900 e Calpurnia quería ampliar os seus coñecementos sobre a natureza, os animais e a ciencia, pero un devastador furacán vén alterar os seus plans. Canda Travis, o seu irmán menor, a rapaza coñece o veterinario Jacob Pritzker, quen acepta que o acompañe nas súas visitas. Mais cando Calpurnia anuncia na casa que de maior quere ser doutora de animais, recibirá por resposta un rotundo “non”. Mudarán de impresión cando a moza axuda a salvarlle a vida a Brancaneves, unha ovella moi prezada na súa familia. A chegada da súa curmá Agatha tamén lle deixará pegada, ao transmitirle novas inquiredanzas.

Segredos, revelacións e humor son os ingredientes da continuación de “A evolución de Calpurnia Tate”, na que a protagonista segue dando probas da súa firme e decidida personalidade malia vivir nunha sociedade tradicional e conservadora dunha pequena vila de Texas, a cabalo dos séculos XIX e XX.

Precisamente, no cambio de centuria xorden novos inventos e avances científicos que prenden o optimismo de Calpurnia, quen entra na adolescencia mantendo a súa inocencia, bondade e sentido da xustiza, acentuando as súas ansias de independencia, pero sendo cada vez máis consciente das barreiras que lle imponen polo feito de ser unha rapaza. Fronte ás dificultades, ela mantense na idea de seguir afondando na observación do medio natural e nos escritos de Darwin, aprender mecanografía e estudar unha carreira universitaria.

“O curioso mundo de Calpurnia Tate” mantén o ton entrañable da primeira parte, ao abeiro dunha prosa consistente, fluída e amena.



-
- **Temática:** curiosidade científica, inconformismo.
 - **Idade recomendada:** lectores xuvenís e adultos.
 - **Aspectos destacables:** ciencia, natureza; familia, conflitos cotiás; humor; evolución histórica do papel da muller na sociedade; da autora de [“A evolución de Calpurnia Tate”](#) (Faktoría K).
-

Jacqueline Kelly

(Nova Zelandia, 1964)

Pasou a súa nenez en Canadá, país ao que se mudou coa súa familia ao pouco de nacer. Os bosques de Vancouver Island foron o escenario dos seus xogos infantís; unha experiencia que marcaría o seu apego ao medio natural. Actualmente vive en Texas, entre a cidade de Austin e a campiña de Fentress. Estudou Medicina en Galveston e Dereito na Universidade de Texas, exercendo tanto de doutora como de avogada durante varios anos antes de adicarse á literatura. “A evolución de Calpurnia Tate” foi a súa primeira novela, publicada en 1999. A obra deseguida conseguiu o apoio do público e da crítica: gañou o Premio Newbery Honor e o Bank Street-Josette Frank Award en 2010. www.jacquelinekelly.com

«Esta obra recibiu unha axuda da Secretaría Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia na convocatoria de axudas para a tradución do ano 2017»

www.**Kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com
